

Non só a lingua, tamén a inútil desobediencia nos achega ao que non somos

Antonino NIETO RODRÍGUEZ

*o poeta
mergúllase máis alá da liña do horizonte
como os mortos.
como as palabras tece pasadizos, vinganzas...
nunca dorme.
orfo
raiado sempre
deconstrúe inmortalis tumbas*
(do poemario *debuxas ausentes*)

o corpo da risa (a modo de apuntamentos)

a lingua, como o tempo, reliquias dun pasado que nunca existiu.

a identidade é cousa ou cadea xa prescrita. Agora lévase o descartábel...

contra a maldita morte e a súa ascendencia... estamos ou continuamos vivos: haberá que celebralo...

por se así (borrásemos)borrando a imparábel fervenza de significados, símbolos e demais rendicións, (e así) acadáramos o non lugar da non duración...

que hai de natural no que en nós percibimos ou queren que percibamos como natural?: nada!

Hai imposición, arbitrariedade... o desconsolo propio de aquilo que nos escapa maldicíndonos. E é que aínda na bondade, din, da nosa pertenza a aquela, á natureza –xa ve vostede, de novo imposición e arbitrariedade– se algo nos fai seus, é a necesaria e brutal traición a cantas leis, regulamentos, fervores e alegrías nos constitúan. E nin sequera así poderemos nunca considerarnos libres, isto é, alleos ao seu peculiar e instintivo encadeado: aquilo que transforma en artificio calquera acción ou omisión. Pois é desde o simulacro que voa –son as súas ás o silencio, a repetición sempre

distinta do mesmo e a fugaz, por implacábel e inacabábel, variedade na sumisión– que voa, digo, sen variar ou menoscar o máis mínimo nin a súa condición, nin a súa localización nin ámbito: e é que non hai mapas, senón exercicios de poder... nin maior sangrado que o corazón que che alimenta froito temporal do po: ese territorio ou axente á historia adscrito.

Os 4 xinetes da apocalipse e o papa negro.

Segundo S. Xoán, os 4 xinetes –a día de hoxe, a rendición incrustrada a golpe de identidade en calquera ti, eu, que se prece– os 4 xinetes da apocalipse, digo –a guerra, a peste, a fame e a morte– responderían, insisto, hoxe, á solar danza da anulación das raíces, do mellor do mellor, da cotización especulativa dos elementos –calquera que sexan–, da ancoraxe na nube –fiel servidora do seu amo– e as súas irremediábeis choivas finas, a saber:

A visibilidade intocábel (transparencia),

O corpo insípido (politicamente correcto),

A podremia inodora (a hiperrealidade do impulso electrónico, do virtual: de cidadán a bit)

Sen pegadas nin xeonllos cos que meritoriar a rendición (canto máis saben de ti, menos existes ou máis estás nas súas mans: a información como anulación da identidade... trazo

que confina a globalización en parque temático (para unha babexante e numeral musculación da alegría)

E serían –eses 4 xinetes e algún máis que de tanta luz, cega– os responsábeis do acervo de bondades que aqueixan ou furan os aínda sempre nacentes ou xa nunca nados

O papa negro?

Unha cultura –esta, a outra, a amante e a sacrificada esposa– que perde o nacido humano entre as pernas da nada máis absoluta:

Nada xa o teu nome –ningún–

Nada o caudal de tempos, resistencias, risos –vertixe, apenas vertixe–

Nada o perdido nin o que aínda está por gañar:

Simples borranchos, lentes, sopa de letras no ermo do nunca

Sendo o nunca ese berce inmenso que te crava ao pé do barro:

Para que xamais te perdas

Para que todas as bocas sexan unha e así a dor se compute sen testemuñas...

Que non é barro nin pé de vasoira nin borranchito na conta do maldito resultado,

Es o non escrito,

O inexistente,

O non mundo na nudez do berro

Fe, esperanza, caridade: apenas un berro: contra deus, contra o que está aínda por acadar, contra a inexorábel barbarie: a conciencia, a memoria e a morte

Un só dente: o corazón do número

Mil brazos para tan pouca perda, para tanto horror: para que a palabra non disolva o inocente

A lingua, o vento: o lazarillo cego na inmensidade das sombras...

Unha soa lingua

Todas e todo fragmentos de luz na sequidade do silencio máis avaro e impenetrábel:

O que non responde ao que teimamos por domesticar como vida

Dicimos vida e falamos de combinacións en pantagruélica espiral

Falamos e mandados sempre, conspiramos, non contra o silencio que en todo se entremete ou, aínda peor, que de todo fai pan ou rendición á alza contra a alegría de se recoñecer mortais, non!, falamos e reducimos o misterio a po, a suor da invisibilidade que en todo nome ou esquila se expande, aos pés do aire en perpetua gargallada.

Tocarlle os fociños ao misterio, aí toda a renda e o corazón do tempo

Falar de cultura galega –ou española ou anglosaxona ou asiática ou...–

Eu falaría dalgunhas peculiaridades ou tics, no marco da uniformización xeral. E aínda máis, diría que esas peculiaridades ou tics son o substrato da conformidade que agranda a uniformización á alza

Unha lingua líquida

Uns oceánicos sentidos

Unha torrencial desobediencia, non só contra o calvario, tamén contra a estéril alegría das marxes

trátase de erradicar a morte da face e o mastigado do vivente!

Sabios, non seus, loucos, tratan de disolver a vida para así erradicar a morte: contrapoñen morte contra morte, nos salóns (ou aleróns) do crime

Feridos pola metal virxinidade do nunca bastante, é a súa vacina contaxiar, contaminar... baleirar a palabra de contido e sal

unha lingua multipolar, ás veces incomprensíbel; uns sentidos inconvenientemente descebrebrados; nada o sentido común senón é como lacra contra a viralidade da consecuencia!

Todo iso, apenas, para que os nados non falen con deus, para que non se sangren vítimas da verdade: dese privilexio que en nada consinte o condenado, se sabe, ao condenado, nin inferno sequera

E así, enfermos, ricos, valentes na súa cortade cegadora véndennos, ou nunha deposición de suprema xenerosidade impoñennos,

xa sabes, que os contos de fadas existen, que a indiferenza como as marcas ou o látigo da miseria empequenece a nada: a lingua, tamén

A economía: o ventre do asasino

Agora non se fala, conéctase...

máis alá de todo,
gañado o esquecemento
–pedra,
panca que a deus cronometra–:
a lingua,
saboreado exilio.

(do poemario *debuxas ausentes*)

que dormen as palabras cando din?
que expulsan?

son ventre, estómago

simples contas que o osíxeno fai medrar?

que cobran, de quen?

pagan algo?

retratan, compulsan, descifran:

conseguen

partillan ningún principio

respiran.

coma ti

ou coma min

distribúen cordas.

(do poemario *debuxas ausentes*)